



Ana Belén Fernández Dopazo, secretaria do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra.

CERTIFICO:

Que na reunión celebrada por este Xurado Provincial o día 4 de febreiro de 2021, deuse conta no punto 5º.1 da orde do día da adquisición de trece parcelas pola CMVMC de Mourente, concello de Pontevedra, realizada con posterioridade a entrada en vigor da Lei 7/2012, de 28 de xuño de montes de Galicia, ao abeiro da resolución de autorización previa da administración forestal (Expte:PO-12- ADTER/17).

Coa solicitude achéganse sete escrituras públicas de compravenda nas que se describen as 13 parcelas do seguinte xeito:

1 - Escritura de data 27 de xuño de 2018 formalizada en Vigo polo notario Pablo Rueda Rodríguez-Vila co número de protocolo mil douscentos oitenta e dous: <rústica "Mato do Castro do Millo", a toxo cunha superficie de sete áreas e trinta e catro centiáreas. Linda, Norte: Dores Sanmartín, Sur: herdeiros de Benito Castro, Leste e Oeste: muros e veciños do lugar.- Segundo recente medición a súa superficie actual é de 748,6 m² e as súas lindes actuais son: Norte: María del Carmen Gómez Pereira, Sur: José Riveiro Chacón, Leste e Oeste: monte veciñal.- Referencia Catastral: identifícase coa parcela 66 do polígono 132 do concello de Pontevedra>.

2 - Escritura de data 27 de xuño de 2018 formalizada en Vigo polo notario Pablo Rueda Rodríguez-Vila co número de protocolo mil douscentos oitenta e tres: <rústica, a toxar con piñeiros e carballos, denominada "Mato do Castro" sita no lugar de Rasceira, parroquia de Mourente, concello de Pontevedra, cunha superficie de dez concas, equivalente a cinco áreas, vintecatro centiáreas. Linda: Norte herdeiros de Benito Castro, Sur: Jesús Pintos; Leste: muro e monte comunal e Oeste: Herdeiros de Manuel Riveiro.- Segundo recente medición a superficie actual é de 534,4 m² e as súas lindes actuais son: Norte e Sur; José Riveiro Chacón; Leste, María del Carmen Riveiro Otero; Oeste: monte veciñal.- Referencia Catastral: identifícase coa parcela 64 do polígono 132 do concello de Pontevedra>.

3 - Escritura de data 27 de xuño de 2018 formalizada en Vigo polo notario Pablo Rueda Rodríguez-Vila co número de protocolo mil douscentos oitenta e catro: <rústica, "Castro", a toxo, sita en Raxeira, cunha superficie de dezanove concas, ou nove áreas, noventa e cinco centiáreas, sesenta decímetros cadrados. Linda, Norte: Flora Barcala Moreira, Sur: Benigno Durán Santomé, Leste e Oeste: monte común.- Segundo recente medición a súa superficie actual é de 1.014,7 m² e as suas lindes actuais son: Norte: Agustín Barcala Moreira, Sur: Benigno Durán Tomé, Leste e Oeste: monte veciñal. Referencia Catastral: identifícase coa parcela 67 do polígono 132 do concello de Pontevedra>.

4 - Escritura de data 27 de xuño de 2018 formalizada en Vigo polo notario Pablo Rueda Rodríguez-Vila co número de protocolo mil douscentos oitenta e oito (na que constan tres predios):

<1.- rústica, "Mato de Castro do Millo", a toxo, con piñeiros e carballos e unha superficie de once áreas e tres centiáreas. Linda, Norte: Teresa Castro, Sur: Francisco Baltasar, Leste e Oeste: monte comunal.- Segundo recente medición a súa superficie actual é de 1.103 m² e as súas lindes actuais son: Norte: Jesús Pintos Veiga, Sur: Rosa Riveiro Lage, Leste e Oeste, monte veciñal>





2.- rústica "Mato de Castro do Millo", a toxo, e unha superficie de dezaseis áreas e dezaioito centiáreas. Linda, Norte: Consolo Castro en posición mais alta, Sur: herdeiros de José Sanmartín, muro no medio; Leste: muro que separa de camiño e Oeste: muro e monte de Ou Castro.- Segundo recente medición a súa superficie actual é de 1.618 m² e as súas lindes actuais son: Norte e Sur: Jesús Pintos Veiga, Leste e Oeste: monte veciñal.

3.- rústica, "Mato de Castro do Millo", a toxo, e unha superficie de once áreas e dúas centiáreas. Linda: Norte: Dores Castro Moreira, Sur: Consolo Castro Moreira; Leste e Oeste: monte comunal.- Segundo recente medición a súa superficie actual é de 1.102 m² e as lindes actuais son: Norte: José Riveiro Chacón, Sur: Jesús Pintos Veiga, Leste e Oeste: monte veciñal.

Referencias Catastrais: estos tres predios identifícanse respectivamente coas parcelas: 59, 60 e 61 do polígono 132 do concello de Pontevedra.>

5.- Escritura de data 27 de outubro de 2018 formalizada en Vigo polo notario Pablo Rueda Rodríguez-Vila co número de protocolo mil douscentos oitenta e nove (na que constan dous predios):

<1.- rústica, a toxo denominada "Castro" da extensión de cincocentos cincuenta e dous metros cadrados. Linda, Norte: herdeiros de Benito Castro, hoxe de Consuelo Castro Moreira, Sur: herdeiros de Manuel Castro, hoxe Dolores Castro Moreira, Leste: herdeiros de Rosendo Riveiro, hoxe de Pilar Riveiro Lage, e Oeste: Comunidade de Montes en Man Común de Mourente.- Segundo recente medición a súa superficie actual é de 562,9 m² e as lindes actuais, Norte e Sur: José Riveiro Chacón, Leste: monte veciñal e Oeste: Pilar Riveiro Lage.- Referencia Catastral: 36900A132000630000PF.

2.- rústica, a toxo, denominada "Castro de Abaixo", da extensión superficial de mil metros cadrados. Linda, Norte e Leste: monte comunal; Sur: María Moreira, hoxe de María Luz Méndez Rey, e Oeste: herdeiros de Rosendo Riveiro.- Segundo recente medición a súa superficie actual é de 1019,80 metros cadrados e as súas lindes actuais son: Norte e Leste: monte veciñal, Sur: Agustín Barcala Moreira, Oeste: José Riveiro Chacón.- Referencia Catastral 36900A132000710000PD.

Estes dous predios identifícanse, respectivamente, coas parcelas 63 e 71 do polígono 132 do concello de Pontevedra.>.

6.- Escritura de data 27 de xuño de 2018 formalizada en Vigo polo notario Pablo Rueda Rodríguez-Vila co número de protocolo mil douscentos noventa (na que constan tres predios):

<1.- rústica, "Mato de Castro do Millo", sito no lugar da Raxeira, a toxeira, cunha superficie de once áreas e vinte centiáreas. Linda, Norte: herdeiros de Rosendo Riveiro, Sur: Teresa Castro, Leste e Oeste: monte comunal.- Segundo recente medición a súa superficie actual é de 1.142, 20 m², e as súas lindes actuais son: Norte: María del Carmen Riveiro Otero e Pilar Riveiro Lage, Sur: Jesús Pintos Veiga, Leste e Oeste: monte veciñal.

2.- rústica, "Mato de Castro do Millo", sita no lugar da Raxeira, a toxeira con piñeiros e carballos e unha superficie de seis áreas e vinte centiáreas. Linda, Norte: herdeiros de José Tomei, Sur: herdeiros de Rosendo Riveiro, Leste e Oeste: muros que separan de monte comunal.- Segundo recente medición a súa superficie actual é de 632,30 m² e as súas lindes actuais son: Norte:





Benigno Durán Tomei; Sur: María del Carmen Riveiro Otero e Pilar Riveiro Lage, Leste Oeste: monte veciñal.

3.- "Mato de Castro do Monte" sito no lugar da Raxeira, a toxeira con piñeiros e carballos e unha superficie de nove áreas e trinta e cinco centiáreas. Linda, Norte e Oeste: monte comunal, Sur: Florinda Moreira e Leste: herdeiros de Manuel Riveiro.- Segundo recente medición a súa superficie actual é de 953,60 m² e as súas lindes actuais son: Norte e Oeste: monte veciñal, Sur: Agustín Barcala Moreira, Leste: María del Carmen Riveiro Otero
Referencias catastrais: estes tres predios identifícase respectivamente coas parcelas 62, 65 e 70 do polígono 132 do concello de Pontevedra>.

7.- Escritura de data 29 de xuño de 2018 formalizada en Vigo polo notario José-María Rueda Pérez, co número de protocolo mil setecentos oito (na que constan dous predios):

<1.- rústica, "Castro do Millo", a piñeiral, sita no lugar de Freixeiro, parroquia de Mourente, concello de Pontevedra, cunha superficie de mil cento noventa e catro metros cadrados, que linda: Norte: mais da herdanza, Sur: Dolores Sanmartín Pazos, Leste e Oeste: CMVMC de Mourente.- Segundo recente medición a súa superficie actual é de 810,80 m² e as súas lindes actuais son: Norte: Agustín Barcala Moreira, Sur: María del Carmen Gómez Pereira, Leste e Oeste: monte veciñal.

2.- rústica "Castro do Millo" a piñeiral, sita no lugar de Freixeiro, parroquia de Mourente, concello de Pontevedra, cunha superficie de mil cento cincuenta e catro metros cadrados, que linda, Norte: Rosendo Riveiro e Mará Carmen Riveiro Otero, Sur: máis da herdanza, Leste e Oeste: Comunidade de Montes de Mourente.- Segundo recente medición a súa superficie actual é de 908,70 m² e as súas lindes actuais son: Norte: José Riveiro Chacón e María del Carmen Riveiro Otero, Sur: Agustín Barcala Moreira e Leste e Oeste: monte veciñal.
Referencias catastrais: estes dous predios identifícanse respectivamente coas parcelas 68 e 69 do polígono 132 do concello de Pontevedra>.

O Xurado acordou por unanimidade dos seus membros integrar a superficie adquirida ao monte veciñal con plenos efectos xurídicos, modificando o perímetro e a extensión do dito monte, así como comunicar ao correspondente Catastro e Rexistro da Propiedade, co fin de practicar a inmatriculación ou os asentamentos de inscrición oportunos (artigo 57.1 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia).

Expídese a presente certificación para que conste aos efectos oportunos.

Visto e prace:

O Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de MVMC
Antonio Crespo Iglesias
sinatura electrónica



